

A Galería NÉBOA debuta en ARTESANTANDER 2025 con catro premios e unha gran acollida por parte do público e dos profesionais.

A Galería NÉBOA (Lugo) pechou a súa participación en **ARTESANTANDER 2025** cun balance extraordinario na que foi a súa primeira feira de arte contemporánea. Do 11 ao 15 de xullo, presentou unha proposta conxunta dos artistas **Andrea Davila Rubio** e **Andrés Rivas Rodís**, que recibiu catro recoñecementos destacados por parte de coleccións públicas e privadas.

A obra de **Andrés Rivas Rodís** (Santiago de Compostela, 2000) foi recoñecida con tres premios de adquisición:

- Colección Norte de Arte Contemporáneo do Goberno de Cantabria
- Colección Fundación Campocerrado
- KELLS Art Collection

Pola súa banda, **Andrea Davila Rubio** (Boiro, 1995) foi seleccionada para o **Premio de Residencias Artísticas Celestino Cuevas**, que se celebrará en Reinosa entre o 23 de xullo e o 2 de agosto de 2025.

A proposta de NÉBOA centrouse no diálogo entre escultura, instalación e pintura, cunha aproximación sensible ao corpo, á superficie e á paisaxe desde unha perspectiva crítica e contemporánea. A acollida por parte do público, coleccionistas e institucións foi excepcional, consolidando o traballo dunha galería nova que aposta polas novas xeracións de artistas galegos cunha forte proxección nacional e internacional.



Referencias prensa:

- [ARTESANTANDER 2025. Territorios, naturaleza, violencia y religión](#)
artepuntos17-07-2025
- [ArteSantander cierra su edición más internacional con un 23% más de público y aumento de ventas](#)
la razón16-07-2025
- [Cultura y Ayuntamiento adquieren once obras de diez artistas en Artesantander](#)
el diario montañés16-07-2025
- [El arte como paciencia: lo que revela ArteSantander](#)
arteinformado16-07-2025
- [El Gobierno de Cantabria invierte 38.000 euros en adquirir 7 obras en ArteSantander](#)
cantabria directa15-07-2025
- [Cultura compra por 38.000 euros siete obras en ArteSantander para ampliar la Colección Norte](#)
europa press15-07-2025
- [Cultura adquiere diferentes obras en ArteSantander destinadas a engrosar la Colección Norte de Arte Contemporáneo](#)
gobierno de cantabria14-07-2025
- [ARTESANTANDER, estación de destino](#)
diario de jerez13-07-2025
- [Artesantander 2025](#)
arteinformado11-07-2025
- [ARTESANTANDER 2025: arte, poder y coleccionismo en la costa norte con una nueva edición más vibrante y ambiciosa](#)
revista interiores11-07-2025
- [ARTESANTANDER 2025: las galerías Artizar y NÉBOA apuestan por proyectos monográficos y nuevos diálogos Art Santander](#)
[ARTESANTANDER 2025: las galerías Artizar y NÉBOA apuestan por proyectos monográficos y nuevos diálogos](#)
arteporexcelencias10-07-2025
- [A galería luguesa Néboa debuta en 'ArteSantander' con Dávila e Rivas](#)
nós diario08-07-2025